

“PLAN DE CONTINXENCIA DO CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA”

Curso 20-21

O Plan de Continxencia do CMUS PROFESIONAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ten por finalidade establecer o procedemento de ensino non presencial e os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nunha aula ou no centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:
 - Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid situada na planta 0 anexa á consellería do Centro destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Contactarase coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
 - A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar material de protección adecuado:
 - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
 - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula

(KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo na sala covid-2 situada na planta -1.

O centro conta cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo deberá seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no CMUS PROFESIONAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, o COORDINADOR COVID-19 (Director do Centro), a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.
6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que teña que estar illada unha parte do centro educativo (aula ou grupo de

aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo Covid do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.
9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.
10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19, relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo nas materias no que este procedemento de ensino é posible. Para o resto de materias cada departamento determina na súa programación didáctica (dispoñible na páxina web do Centro) a maneira de levalo a cabo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os contidos da materia de xeito virtual a través das canles dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen os contidos da materia ou permitan a avaliación continua da mesma.
12. O equipo COVID do centro solicitará aos titores a identificación do alumnado que teña dificultades de conexión ou falta (carencias/ déficits) de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas que considere oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o CMUS PROFESIONAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ten previstas as seguintes medidas:

15.

MEDIDAS NO CASO DE SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

1. Medidas para garantir a continuidade do ensino en caso de suspensión da actividade lectiva presencial.

- Todo o profesorado do Centro ten un espazo propio na aula virtual á que se pode acceder seguindo as instrucións que aparecen neste enderezo electrónico <https://www.conservatoriosantiago.gal/contenido/uploads/2020/03/guia-de-acceso-a-aula-virtual-e-plataformas-de-ensino-online-guia-acceso-a-aula-virtual.pdf>
- O profesorado de materias instrumentais comunicará ao alumnado o procedemento de conexión, tempo de duración da clase (non inferior ao 60%) e plataforma de conexión (CiscowebeX ou falemos).
- O horario das materias grupais que se imparten no Conservatorio será o que aparece como ANEXO I deste documento.
- Nas materias nas que resulta imposible impartir clase mediante videoconferencia tales como Orquestra, Banda, Coro, Música de cámara e conxunto, etc o profesorado programará as actividades previstas de acordo coa programación de ditas materias.
- O profesorado realizará simulacións co seu alumnado para comprobar a efectividade do protocolo en caso de peche e formará ao seu alumnado sobre o emprego que se vai a dar á aula virtual.

2. Procedemento de conexión e inicio das actividades lectivas:

- O alumnado deberá conectarse á aula virtual e/ou videoconferencia no horario establecido para cada unha das materias coa debida antelación (arredor duns 5 minutos) para facilitar o inicio das actividades lectivas.
- O alumnado ten obriga de asistir ás actividades lectivas programadas no horario establecido para cada unha das materias, polo que cada docente levará a cabo un control de asistencia diario, rexistrando as faltas na aplicación CENTROSNET e

comunicando as mesmas ás familias tal como se ven de realizar no ensino presencial.

3. **Faltas de asistencia:**

- No caso de detectarse faltas de asistencia non xustificadas ás clases non presenciais, aplicarase o establecido con carácter xeral nas NOF do Centro.

4. **Normas para o desenvolvemento das actividades lectivas:**

- Nas videoconferencias, o alumnado terá a cámara conectada en todo momento, co fin de que o/a profesor/a poda comprobar que está presente. Manterá silenciado o seu micrófono mentres non precise falar e seguirá en todo momento as normas que indique o/a profesor/a.
- As tarefas asemellaranse dentro do posible ao ensino presencial e respectarase o dereito ao lecer e ao descanso do alumnado.
- O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.
- o profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, especialmente para o alumnado menor idade, a través da aplicación centros net, correo electrónico ou a través da aula virtual.

5. **Normas de convivencia:**

- En caso de detectarse condutas contrarias á convivencia no desenvolvemento do ensino non presencial aplicarase o procedemento establecido con carácter xeral no Plan de Convivencia e nas NOF do CMUS.

6. **Titorías pais/nais/alumnado:**

- O profesorado atenderá ao alumnado e as familias que o precisen a través de medios telemáticos.

7. **Avaliación:**

- No caso de que sexa preciso realizar probas puntuais de avaliación por medios telemáticos, será de aplicación en cada caso o establecido na programación didáctica da materia, ao respecto do ensino non presencial.

8. **Normas de aplicación ao equipo docente:**

- Cada docente será responsable de levar a cabo as actividades lectivas de cada unha das materias que lle corresponden no seu horario a través da aula virtual e vídeo conferencia a través de CiscoWebex ou Falemos.
- Cada docente programará as actividades e preparará materiais, de ser o caso, para impartir as clases por medios telemáticos e deberá conectarse a cada sesión lectiva coa debida antelación (arredor de 5 minutos) para dar comezo ás actividades no horario establecido.
- Ao final de cada semana, cada docente remitirá á Xefatura de Estudos do centro a relación de actividades levadas a cabo có alumnado no horario establecido, conforme ao Anexo I segundo establece a norma publicada pola administración educativa.

9. **Procedemento de xestión de equipamento para alumnado en situación de fenda dixital en caso de ter que aplicarse o ensino non presencial:**

- Procedemento para o empréstito de equipos informáticos dispoñibles no centro educativo: As familias asinarán un documento de préstamo e compromiso de devolución en perfecto estado dos materias dispoñibles no centro educativo.
- Instrucións para a dotación de equipos informáticos por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade:

Indicacións para entregar os equipos ás familias:

- a) O centro poñeráse en contacto coa familia destinataria para establecer unha canle segura para a entrega do equipamento e concertar data e hora para a entrega.
- b) O equipamento é nominal e cada bulto está identificado por un número que relaciona, entre si, cada un dos elementos a entregar a familia e os números de serie dos elementos co alumno/a beneficiario.
- c) O DOCUMENTO DE CESIÓN DE USO debe ser asinado pola familia no mesmo momento que o equipamento sexa entregado o alumno/a, e logo pasar a ser arquivado e custodiado polo centro. No caso que a familia o requira pode entregarse unha copia do mesmo.
- d) No momento da recollida do equipamento empregárase o mesmo DOCUMENTO DE CESIÓN DE USO. No caso de que non se devolverá todo o equipamento, ou este non se devolva en correcto estado, o centro deberá recoller no documento do acordo ditas circunstancias, indicando os elementos non devoltos, ou as incidencias sobre ditos elementos. Lembrase que as familias están obrigadas a entregar o equipamento no centro á maior brevidade posible e sempre no prazo máximo de tres días dende a reincorporación do/a alumno/a ao centro escolar logo de rematar o período de peche, confinamento ou corentena domiciliaria.
- e) Una vez que o equipamento é devolto ao centro pola familia, o centro debe remitir a dixitalización do DOCUMENTO DE CESIÓN DE USO correctamente cuberto e asinado, coas observacións sobre a recollida que foran pertinentes, ao correo

dispositivos.covid@edu.xunta.gal, facendo constar no corpo do correo os datos requiridos nas instrucións xerais. Así o persoal técnico procederá á recollida do equipamento para a súa revisión e posterior uso por outro/a alumno/a que o necesite.

NOTA: A dotación para o alumnado que o necesite é un pack indivisible, que se debe entregar completo a familia, formado por: equipo portátil e un kit de conexión composto por un router wifi inalámbrico e unha tarxeta SIM.

Achegarase, xuntamente co equipamento referido no parágrafo anterior, o documento de cesión nominal para a firma.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

16. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou do centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa de 3 días. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.

Fase 2 (Formación de pequenos grupos, en aulas de máis de 10 alumnos/as) Duración: 1 semana, a porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50% cada semana. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.

Obxectivos:

Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.

- Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2

Fase 3 (Fase de reactivación)

Duración: 1 semana A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula 1,5 metros de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para o alumnado.

ANEXO 1

Horarios das materias no caso de docencia non presencial

Curso 2020/21

- Linguaxe Musical e Educación Auditiva e Vocal. Grao Elemental

As clases de linguaxe e educación auditiva consideraranse a efectos de horario un solo grupo e o tempo de clase das materias será proporcional ao tempo de docencia presencial.

Curso/ Grupo	Horario						
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Aula	Profesor/a
1º A	18:00 a 19:00				16:30 a 17:30	Telemática	Belén Rouco
1º B		16:30 a 17:30		16:30 a 17:30		Telemática	Belén Rouco
1º C		18:00 a 19:00		18:00 a 19:00		Telemática	Estefanía Vicente
1º D			18:00 a 19:00		18:00 a 19:00	Telemática	Belén Rouco
1º E	16:30 a 17:30		16:30 a 17:30			Telemática	Estefanía Vicente
2º A	18:00 a 19:00			16:30 a 17:30		Telemática	Renata Gago
2º B		16:30 a 17:30			16:30 a 17:30	Telemática	Ángeles Rubio
2º C		18:00 a 19:00		18:00 a 19:00		Telemática	Renata Gago
2º D			18:00 a 19:00		18:00 a 19:00	Telemática	Renata Gago
2º E	16:30 a 17:30		16:30 a 17:30			Telemática	Ángeles Rubio
3º A			16:00 a 16:45		16:00 a 17:00	Telemática	María Dios
3º B		18:00 a 19:30			19:00 a 19:45	Telemática	María Dios
3º C			18:00 a 19:30		18:00 a 18:45	Telemática	María Dios
3º D	18:00 a 19:30			19:00 a 19:45		Telemática	Ángeles Rubio
3º E	16:00 a 16:45			16:00 a 17:30		Telemática	María Dios
4º A	17:00 a 17:45		16:00 a 17:30			Telemática	Belén Rouco
4º B		18:00 a 19:30		19:00 a 19:45		Telemática	Belén Rouco
4º C	18:00 a 19:30			17:00 a 17:45		Telemática	Estefanía Vicente
4º D			18:00 a 19:30		19:00 a 19:45	Telemática	Ángeles Rubio

- Linguaxe Musical. Grao Profesional

Curso/ Grupo	Horario						
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Aula	Profesor/a
1º A GP	16:00 a 16:45				16:00 a 16:45	Telemática	Renata Gago
1º B GP	20:00 a 20:45		20:00 a 20:45			Telemática	Ángeles Rubio
1º C GP		20:00 a 20:45		18:00 a 18:45		Telemática	Ángeles Rubio
1º D GP	17:00 a 17:45		17:00 a 17:45			Telemática	Renata Gago
1º E GP		17:00 a 17:45			17:00 a 17:45	Telemática	Renata Gago
2º A GP		16:00 a 16:45		16:00 a 16:45		Telemática	Estefanía Vicente
2º B GP	20:00 a 20:45			20:00 a 20:45		Telemática	Estefanía Vicente
2º C GP		20:00 a 20:45		20:00 a 20:45		Telemática	María Dios
2º D GP			20:00 a 20:45		20:00 a 20:45	Telemática	María Dios
2º E GP		17:00 a 17:45			18:00 a 18:45	Telemática	Estefanía Vicente

- Idiomas aplicados ao Canto

Curso/ Grupo	Horario						
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Aula	Profesor/a
Idiomas 1º					13:00 a 14:00	Telemática	Diana Somhkieva
Idiomas 2º		Non clase		16:00 a 17:00		Telemática	Diana Somhkieva
Idiomas 3º	18:00 a 18:45					Telemática	Diana Somhkieva
Idiomas 4º	16:00 a 16:45					Telemática	Diana Somhkieva
Idiomas 5º		14:00 a 15:00				Telemática	Diana Somhkieva
Idiomas 6º			13:00 a 14:00			Telemática	Diana Somhkieva

- Novas Tecnoloxías

Curso/ Grupo	Horario						
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Aula	Profesor/a
3º A				16:00 a 16:45		Telemática	Hugo Paradela
3º B			20:00 a 20:45			Telemática	Hugo Paradela
3º C				20:00 a 20:45		Telemática	Hugo Paradela
3º D					20:00 a 20:45	Telemática	Fernando Buide

- Harmonía

Curso/ Grupo	Horario						
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Aula	Profesor/ a
3º A	17:00 a 18:30					Telemática	Fernando Buide
3º B				17:00 a 18:30		Telemática	Fernando Buide
3º C			16:00 a 17:30			Telemática	Hugo Paradela
3º D					18:00 a 19:30	Telemática	Fernando Buide
4º A	18:00 a 19:30					Telemática	Hugo Paradela
4º B		18:00 a 19:30				Telemática	Fernando Buide
4º C			18:00 a 19:30			Telemática	Fernando Buide
4º D					16:00 a 17:30	Telemática	Hugo Paradela
4º E	10:00 a 11:30					Telemática	Fernando Buide

- Historia da Música

Curso/ Grupo	Horario						
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Aula	Profesor/a
4° A					17:00 a 18:30	Telemática	José A. Vilas
4° B				19:00 a 20:30		Telemática	José A. Vilas
4° C			19:00 a 20:30			Telemática	José A. Vilas
4° D	17:00 a 18:30					Telemática	José A. Vilas
4° E			16:00 a 16:45	16:00 a 16:45		Telemática	José A. Vilas
5° A	19:00 a 20:30					Telemática	José A. Vilas
5° B	16:00 A 16:45				16:00 A 16:45	Telemática	José A. Vilas
5° C			17:00 a 18:30			Telemática	José A. Vilas
5° D				17:00 a 18:30		Telemática	José A. Vilas

- Análise

Curso/ Grupo	Horario						
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Aula	Profesor/a
5° A	16:00 a 17:30					Telemática	Hugo Paradela
5° B		16:00 a 17:30				Telemática	Hugo Paradela
5° C			16:00 a 17:30			Telemática	Hugo Paradela
5° D					16:00 a 17:30	Telemática	Hugo Paradela
6° A				16:00 a 17:30		Telemática	José Luis Quintás
6° B				19:00 a 20:30		Telemática	Fernando Buide
6° C			16:00 a 17:30			Telemática	Fernando Buide
6° D		11:00 a 12:30				Telemática	José Luis Quintás
6° E		20:00 a 21:30				Telemática	José Luis Quintás

- Itinerarios e materias optativas. 6º Curso Grao Profesional

Curso/Grupo	Horario							
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Aula	Profesor/a	
Itinerarios	Fundamentos de Composición A	20:00 a 20:45					telemática	Hugo Paradela
	Fundamentos de Composición B	12:00 a 12:45					telemática	Fernando Buide
	Fundamentos de Interpretación A				21:00 a 21:45		telemática	Efrén Escuredo
	Fundamentos de Interpretación B					20:00 a 20:45	telemática	Susana González
	Fundamentos de Interpretación C				21:00 a 21:45		telemática	Valentín Novio
	Fundamentos de Interpretación D	21:00 a 21:45					telemática	Vicente García
	Fundamentos de Musicoloxía		17:00 a 17:45				telemática	Fernando Buide
	Fundamentos de Pedagogía					17:00 a 17:45	telemática	Estefanía Vicente
Optativas	Adestramento Auditivo		10:00 a 10:45				telemática	José L. Quintás
	Creando Música para o Audiovisual		16:00 a 16:45				telemática	Xosé A. Rodríguez
	Iniciación á Dirección Musical					11:00 a 11:45	telemática	A. Cimadevila
	Música Contemporánea					12:00 a 12:45	telemática	David Durán
	Técnicas de Composición Aplicadas á Didáctica					19:00 a 19:45	telemática	Estefanía Vicente
	Improvisación					20:00 a 20:45	telemática	Valentín Novio
	Música Tradicional Galega				18:00 a 18:45		telemática	Hugo Paradela